

coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Estas reclamacións irán dirixidas ao tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso na categoría 050, do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (técnico especialista en xardín de infancia), Dirección Xeral da Función Pública-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2009.

Gema Montero Gamarra
Presidenta do tribunal

ANEXO

**Puntuacións provisionais obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso na categoría 050, do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (técnico especialista en xardín de infancia), pola quenda de acceso libre
Clasificación alfabética**

DNI	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
46901004-W	Álvarez Pérez, Laura	3,1	6,85	9,95
53110897-X	Álvarez Ruibal, María Victoria	0	0	0
76578917-A	Anido Seoane, Eva	0	5,95	5,95
44080960-B	González Solla, Patricia	0,8	1,15	1,95
34895913-Z	Grandío López, Ana María	1,9	4,5	6,4
77597247-P	Iglesias López, Milagros	4,4	2,9	7,3
53178610-B	Martínez Costas, Yolanda	0	0	0
44083106-H	Moldes Viñas, Susana	0	0,1	0,1
44083390-A	Muñoz Núñez, María José	0	0	0
53169628-E	Penelas González, Lorena	0	0	0
44460784-J	Pérez Blanco, Marta	0	1,65	1,65
77001984-P	Pintos Lusquiños, Dalia	0	0	0
36106551-R	Portela Fernández, María Lidia	0	0,55	0,55
44475417-H	Rodríguez Fernández, María del Carmen	0	1,94	1,94
36140810-J	Román Fernández, Patricia	0,06	0,45	0,51
52499954-Q	Ruibal Cabaleiro, Iria	0	0	0
44448362-B	Sotelo López, Susana	0	0,3	0,3

Resolución do 31 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, establece que os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os trasposos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza poderán nomear funcionarios interinos por necesidade do servizo cando non sexa posible, coa urxencia exixida polas circunstancias, a prestación de servizos por funcionarios de carreira, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen por disposición da comunidade autónoma.

Mediante o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, funcións que foron asumidas polo Decreto 438/1996 da Xunta de Galicia.

Pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 10 de febreiro de 2009 regúlase a selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (DOG nº 43, do 3 de marzo), á cal se somete esta resolución. En concreto, o artigo 10 da dita orde sinala que a Dirección Xeral de Xustiza é o órgano competente para a convocatoria e constitución das bolsas de traballo, convocatoria que haberá que publicar no *Diario Oficial de Galicia*.

Con base no anteriormente exposto,

DISPOÑO:

Primeiro.-*Obxecto da convocatoria.*

1. Convócase o proceso de formación de bolsas de traballo para desempeñar interinamente os postos de funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial nos órganos da Administración de xustiza en Galicia.

2. Esta convocatoria regúlase polo establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 10 de febreiro de 2009 (DOG nº 43, do 3 de marzo), sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (de aquí en diante, Orde do 10 de febreiro de 2009).

Segundo.-*Destinatarios.*

1. Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas que cumpran, no momento determinado polos artigos 7 e 8 da Orde do 10 de febreiro de 2009, as condicións sinaladas nos ditos artigos.

2. Os funcionarios interinos integrantes de bolsas anteriores que se atopen prestando servizos na data desta convocatoria terán a obriga de presentar a correspondente solicitude aos corpos a que queiran optar, incluído o corpo en que estean prestando servizos se posúen a titulación e os demais requisitos exixidos. No caso de incumpriren esta obriga poderán ser cesados do seu posto por esta causa en calquera momento, quedando excluídos automaticamente da lista de interinos.

3. Os funcionarios interinos integrantes de bolsas anteriores que non se atopen prestando servizos e que queiran formar parte das novas bolsas tamén deberán presentar a correspondente solicitude aos corpos a que queiran optar; en caso contrario serán excluídos, sen máis trámites, da lista de interinos.

Terceiro.-Bolsas de traballo.

1. Formarase unha bolsa de traballo e unha bolsa de reserva de ámbito provincial para cada un dos corpos de funcionarios, distribuídos, se fose o caso, de conformidade coas zonas de preferencia sinaladas polos solicitantes. Cada bolsa estará integrada polos candidatos seleccionados, ordenados nunha listaxe en función da puntuación que obtivesen na valoración dos méritos.

2. Só se poderá estar incluído nunha bolsa provincial de traballo ou de reserva e nunha zona de pre-

ferencia. No caso de que o interesado solicitase e aparecese incluído en máis dunha bolsa, a correspondente delegación provincial da consellería colocaráo naquela onde obtivese un mellor posto, de acordo co disposto no artigo 11.5º da Orde do 10 de febreiro de 2009.

3. O número de integrantes das bolsas de traballo e de reserva, de acordo coas porcentaxes sinaladas no artigo 6 da Orde do 10 de febreiro de 2009, será o seguinte:

Corpo	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva
Xestión procesual e administrativa	34	17	8	4	7	4	27	13
Tramitación procesual e administrativa	92	46	23	12	25	12	76	38
Auxilio xudicial	56	29	14	7	14	7	48	25

4. En cada bolsa e zona de preferencia reservárase o 5% dos postos de cada lista para os aspirantes afectados cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%, sempre que acrediten mediante certificación oficial a compatibilidade funcional co desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

5. As bolsas terán unha vixencia de dous anos, agás que se esgote algunha das súas listaxes ou que, por modificacións legislativas ou circunstancias especiais, sexa necesario realizar unha nova convocatoria. Esta convocatoria anticipada requirirá a consulta previa á comisión paritaria de persoal interino.

Cuarto.-Condicións xerais dos candidatos.

Os candidatos deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias, as condicións sinaladas no artigo 7.1º da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Quinto.-Condicións específicas dos candidatos.

Son as exixidas no artigo 8 da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Sexto.-Solicitudes.

1. Os candidatos deberán empregar necesariamente o formulario de solicitude posto á súa disposición na aplicación informática que se indica no seguinte punto.

2. O formulario da solicitude deberá ser obtido, cuberto e validado necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática portal do empregado público de xustiza establecida na páxina web da Dirección Xeral de Xustiza sita no enderezo da internet <http://cpapx.xunta.es/portal/xustiza/dxxper-soal.htm>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <https://www.xunta.es:444/sxpa/AIX/>.

Estes modelos validados pola aplicación informática serán, unha vez impresos, os que deben presen-

tarse en formato papel nos lugares indicados no punto sétimo desta resolución.

Para cubrir correctamente o modelo de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención do modelo de solicitude, poderanse dirixir á Dirección Xeral de Xustiza, ao número de teléfono 981 54 62 19.

Quedarán automaticamente excluídos os solicitantes que non completen os campos obrigatorios exixidos na aplicación informática.

3. Poderá presentarse cadansúa solicitude para cada corpo e provincia en que se desexe estar incluído, aplicándose neste caso o disposto no artigo 11.5º, *in fine*, da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Sétimo.-Prazo e lugar de presentación das solicitudes.

1. O prazo de presentación das solicitudes comeza o 15 de abril e remata o 8 de maio de 2009, ambos os dous incluídos.

2. As solicitudes, unha vez impresas e coa documentación correspondente, deberán necesariamente presentarse en formato papel e asinadas polo interesado en calquera dos seguintes lugares:

-Rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano en Santiago de Compostela (A Coruña).

-Calquera outro órgano ou rexistro da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio.

-Polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As que se presenten nas oficinas de correos enviaranse por correo certificado, para o cal se presentarán nas ditas oficinas en sobre aberto a fin de seren datadas e seladas polo persoal de correos antes de seren remitidas á correspondente delegación provincial da consellería; sen o cumprimento destes requisitos, as ditas solicitudes serán rexeitadas.

Así mesmo, as solicitudes deberanse dirixir á correspondente delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, servizo de xestión técnico-administrativa, segundo a bolsa provincial solicitada polo candidato.

3. Non se admitirán as solicitudes enviadas por fax ou correo electrónico.

Oitavo.-*Zonas de preferencia.*

1. En cumprimento do disposto na disposición adicional segunda da Orde do 10 de febreiro de 2009, establécense as seguintes zonas de preferencia:

Provincia da Coruña:

Zona 1: comprende A Coruña, Betanzos, Carballo, Ferrol e Ortigueira.

Zona 2: comprende Santiago de Compostela, Ordes, Arzúa, Negreira, Corcubión, Muros, Noia, Ribeira e Padrón.

Provincia de Lugo:

Zona 1: comprende Lugo, Viveiro, Vilalba, Mondoñedo e A Fonsagrada.

Zona 2: comprende Lugo, Chantada, Sarria, Becebre e Monforte de Lemos.

Provincia de Ourense:

Zona 1: comprende Ourense, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande.

Zona 2: comprende Ourense, Xinzo de Limia, Verín, A Pobra de Trives e O Barco de Valdeorras.

Provincia de Pontevedra:

Zona 1: comprende Pontevedra, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Marín, A Estrada e Lalín.

Zona 2: comprende Vigo, Cangas, Redondela, Ponteareas, Tui e O Porriño.

2. Os solicitantes deberán sinalar na súa solicitude a zona de preferencia, das sinaladas anteriormente, a que optan; en caso contrario, a súa solicitude será rexeitada sen máis trámites.

3. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda, número 3, da Orde do 10 de febreiro de 2009, o número de integrantes das bolsas de traballo e de reserva por zonas de preferencia será o seguinte:

Corpo	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva
Xestión procesual e administrativa	Zona 1: 17 Zona 2: 17	Zona 1: 9 Zona 2: 8	Zona 1: 4 Zona 2: 4	Zona 1: 2 Zona 2: 2	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 2 Zona 2: 2	Zona 1: 14 Zona 2: 13	Zona 1: 7 Zona 2: 6
Tramitación procesual e administrativa	Zona 1: 46 Zona 2: 46	Zona 1: 23 Zona 2: 23	Zona 1: 12 Zona 2: 11	Zona 1: 6 Zona 2: 6	Zona 1: 13 Zona 2: 12	Zona 1: 6 Zona 2: 6	Zona 1: 38 Zona 2: 38	Zona 1: 19 Zona 2: 19
Auxilio xudicial	Zona 1: 28 Zona 2: 28	Zona 1: 15 Zona 2: 14	Zona 1: 7 Zona 2: 7	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 7 Zona 2: 7	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 24 Zona 2: 24	Zona 1: 13 Zona 2: 12

Noveno.-*Documentación.*

Canda a solicitude deberase fornecer necesariamente a seguinte documentación, a xeito de orixinal ou de copia cotexada:

a) Documento nacional de identidade vixente (DNI).

b) Certificado de empadramento ou residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, cando o domicilio que figura no DNI non sexa desta comunidade.

c) Documento acreditativo de estar inscrito no servizo público competente como demandante de emprego ou como mellora de emprego no caso de

estar traballando, agás os solicitantes que estean nas bolsas de interinos da Administración de xustiza.

d) Documentación académica acreditativa de estar en posesión da titulación prevista no artigo 8.1º da Orde do 10 de febreiro de 2009. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, canda a solicitude deberase achegar o documento orixinal, ou unha copia cotexada deste, que acredite a súa homologación.

e) Para a inclusión nas bolsas do corpo de tramitación procesual e administrativa deberase acreditar, nas condicións e forma sinaladas no artigo 8.2º da Orde do 10 de febreiro de 2009, experiencia na utilización do procesador de tratamento informatizado de textos.

f) Documentación acreditativa dos méritos obxecto de baremación sinalados no artigo 9.1º da Orde do 10 de febreiro de 2009, coas seguintes especificacións:

-Tempo de servizos: non é necesaria a presentación da documentación relativa ao tempo de servizos prestados para aqueles solicitantes que estean conformes cos datos que reflicte a aplicación informática ao cubrir a solicitude. En caso de discrepancia, o solicitante deberá achegar canda a súa solicitude a documentación acreditativa deste mérito. Só se baremará a antigüidade desde o ano 1992, de acordo co disposto no artigo 9.1º.2 da Orde do 10 de febreiro de 2009.

-Formación continua: tampouco é necesaria a presentación da documentación acreditativa deste mérito para os solicitantes que estean conformes cos datos que reflicte a aplicación informática ao cubrir a solicitude. En caso de discrepancia, o solicitante deberá achegar canda a súa solicitude a documentación acreditativa deste mérito.

Os méritos non alegados na solicitude ou non acreditados, pola aplicación informática directamente ou pola documentación que achegue o candidato, non serán obxecto de baremación.

g) No caso de persoas con minusvalidez achegárase un certificado acreditativo do grao desta, así como tamén unha certificación de compatibilidade para o desempeño das funcións do corpo de funcionarios sinalado na solicitude, expedida polo equipo de valoración de minusvalideces ou polo órgano competente.

Décimo.-*Valoración de méritos.*

A valoración dos méritos alegados rexeráse polo establecido no artigo 9 da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Decimoprimeiro.-*Publicidade das listas provisionais e definitivas. Entrada en vigor das bolsas definitivas.*

1. As listas, tanto provisionais coma definitivas, publicaranse nos taboleiros oficiais da Dirección Xeral de Xustiza; das delegacións provinciais da consellería; do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; das audiencias provinciais; dos xulgados decanos da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo; no sitio web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; e na intranet de Xustiza.

2. O cómputo do prazo de dez días para reclamacións, previsto no artigo 11.4º da Orde do 10 de febreiro de 2009, comezará desde o día seguinte ao da publicación das listas provisionais en internet.

3. Tras os trámites regulados no artigo 11 da Orde do 10 de febreiro de 2009, as listas definitivamente aprobadas entrarán en vigor o día seguinte ao da data da resolución que acorde a súa publicación e substituirán as listas vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os integrantes destas. No entanto, aqueles que no momento da entrada en vigor das novas bolsas estean prestando servizos como funcionarios interinos seguirán desempeñando o posto de traballo ata que proceda o seu cesamento, de conformidade, en todo caso, co disposto na disposición transitoria segunda da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Decimosegundo.-*Cursos de formación.*

Consonte o disposto no artigo 12 da Orde do 10 de febreiro de 2009, e de acordo coas condicións nel sinaladas, establécese a obriga da realización de cursos de formación para aqueles integrantes das bolsas definitivas de interinos que non teñan completados, polo menos, seis meses de servizo efectivo como interinos no respectivo corpo.

A Dirección Xeral de Xustiza establecerá o lugar, duración, datas de celebración e contido dos referidos cursos, cuxa superación é un requisito imprescindible para se poder integrar na correspondente bolsa definitiva ou para se manter nela, coa excepción establecida no punto 2 do referido artigo 12 da Orde do 10 de febreiro de 2009.

Decimoterceiro.-*Lexislación aplicable.*

Para todas as cuestións non reguladas especificamente nesta convocatoria, atenderase ao disposto na Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Decimocuarto.-*Recursos.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante a directora xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente, no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Decimoquinto.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza